

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL ESCRITOR

Co premio Fiz Vergara debaixo do brazo chega o último poemario do ourensán Francisco Xosé Fernández Naval, "Bater de sombras", publicado por Espiral Maior. O libro constitúe un mergulla-

mento no mundo das tebras, das sombras, do lado escuro que todo ser humano leva, con máis ou menos intensidade, no seu interior. Dese xeito, Fernández Naval entronca cunha tradición lírica

que cultivaron, sobre todo desde finais do XVIII, moitos escritores británicos e franceses. O resultado, desde logo, non desmerece, aínda que sorprenda polo ton lóbrego dun escritor tan luminoso.

"As sombras interiores son máis doadas de esconxurar porque só dependen de nós"

"Bater de sombras" é o último premio Fiz Vergara Vilariño de poesía

ENTREVISTA DE J. GÓMEZ

Aínda que ten manifestado en múltiples ocasións que o seu territorio predilecto é a narrativa, no mundo e na vida de Francisco X. Fernández Naval a poesía xoga un papel crucial, non só como maneira de se expresar, senón tamén como necesidade.

—**Como xurdiu a idea dun poemario sobre o lóbrego do ser humano?**


—A miña literatura, aínda que tamén pescude —máis nas novelas— en ambientes máis ou menos escuros ou misteriosos do ser humano e as súas relacións, é unha literatura, sobre todo na poesía, máis luminosa. Esta vez tiña que ser así por pura necesidade: un día de outubro de 2008 erguinme con que unha desas sombras, que ás veces polas mañás nos axexan a todos, pretendía posuírme. Pero era unha sombra que afectaba a unha parte de min que eu consideraba a salvo de todo tipo de perigos. Chamoume tanto a atención que unha parte de min que eu cría tan inocente estivese minimamente afectada ou ameazada pola sombra que decidín non facer o que facía todas as mañás, é dicir, rexeitala sen máis, senón que me gustaría indagar algo sobre ela dentro de min. Aí naceu o libro, un libro que eu sei por onde vai, que domino, pero que chega un momento en que eu son simplemente un medium.

—**A ameaza da sombra desa mañá foi desaparecendo no proceso de escritura?**

—Desde o momento que se manifesta unha vez, a sombra sempre está aí: fíxose visible, permanece cando menos como lembranza e sentimento persoal. Si, dalgunha maneira, quedou esconxurada. Aínda que non sexa máis que na miña memoria estará sempre, pero polo menos esconxurada si quedou.

—**Cales son as sombras máis difíciles de levar, as interiores ou as exteriores?**

—Non sei se son máis complicadas, pero as sombras interiores teñen o poder sobre nós, aínda que me parece que son tamén, penso eu, máis susceptibles de esconxurar porque dependen fundamentalmente de nós. A sombra exterior é outra ameaza diferente,



Fernández Naval leva cinco anos preparando unha novela, o seu proxecto "máis ambicioso"

LUIS POLO

é máis difícil sustraerse dela. Juan Gelman dicía o outro día que hai periodos grises e aínda negros na historia, e que agora estamos afudidos nun destes últimos.

Chámame a atención unha reflexión que fai o Nobel húngaro Imre Kertész: que a alegría e o sufrimento axudaron a construír sempre a esperanza da Humanidade, e que neste momento a alegría está un pouco desbotada e que o sufrimento estase banalizando dunha maneira absoluta. El di que unha das maneiras máis evidentes da banalización do sufrimento é a exhibición de películas sadomasoquistas no mundo occidental. No libro maniféstase unha reflexión sobre a sombra que

poderíamos percibir como violencia machista. Chámame a atención como convivimos con modelos propiciados ás veces pola propia muller que están ofrecendo modelos de comportamento contra a propia muller. Se abres os xornais e aí hai publicidade masoquista: estase ofrecendo determinado modelo no que a muller sofre, ése connivente co sufrimento. Logo hai sombras aí fóra que son difícilísimas de vencer porque dependen de tantas cousas...

—**Da inmersión no mundo das sombras case sempre se sae. É posible grazas á moral ou a ética persoal?**

—Máis que morais, éticos, aínda que debo admitir que teño un

compoñente moral xudeo-cristián moi forte. Por unha banda será o sentimento de culpa o que nos leva a rexeitar ese universo; por outra, a ética. Se un día vislumbro dentro de min unha envexa por un amigo, unha cobiza, normalmente o que fago é rexeitala. Por que? Por ética, combinada con un sentimento moral. Isa é a pulsión do lado bo do ser humano, que, aínda que non sempre, adoita imponse.

—**Que referentes manexou mentres escribía?**

—Gustárame que o libro puidera formar parte, salvando as distancias, desa longa tradición de escritores que algunha vez ollaron á sombra: Blake, Alexandre,

TEBRAS

"Aínda que non o fai sempre, o lado bo do ser humano adoita imponse finalmente"

Rosalía, o Conde de Lautréamont, Rimbaud, Baudelaire, etc.

—**Considérase máis narrador que poeta, pero a poesía acompañao desde que escribe.**

—Gústame moito a narración porque me dá a posibilidade de ir creando mundos con palabras. Se digo "Chovía e ela baixou da casa...", xa provoco en ti unha imaxe de algo que non existía e a partir de aí podemos compartir unha historia: esa capacidade da narración é impresionante. Ese ir construíndo universos e mundos coas palabras, creando personaxes que chegan a vivir contigo e que chegas a botar de menos como botas a un amigo, paréceme fascinante. Agora ben, se hai algo necesario para min, non só como escritor, senón como lector, é a poesía porque, a través da imaxe e da metáfora, permítame contar cousas que sen a poesía non me sería posible expresar ou compartir, cousas referidas a nós e aos sentimentos máis íntimos, os misterios da vida e o universo.

—**En que escenario se está a mover nestes momentos a literatura galega?**

—No ámbito da creación, o corpo de escritores galegos é marabilloso e seguirá creando. Outra cousa é a capacidade de sacar o que se escribe, de publicalo e poder compartilo cos lectores. Aí si creo que vai haber, está habendo, unha dificultade. Teño que recoñecer que me presenteí ao premio Fiz Vergara Vilariño por iso, porque xa atisbaba ese horizonte complicado, máis sendo un libro de versos, logo sabía que un modo de poder publicar era a través dun premio literario. Iso xa o estamos vivindo e por iso volvemos a tempos de resistencia nos que ao mellor xorde con forza algún tipo de iniciativa como a autoedición ou edición dixital.